



Bando Municipal

Concello de Vilaboa

D. César Poza González

Alcalde do Concello de Vilaboa

FAI SABER:

Ante a situación de risco moi alto de circulación do virus da Influenza Aviaria de Alta Patoxenicidade (IAAP), e ao atoparte o Concello de Vilaboa en Zona de Especial Vixilancia (ZEV), a Consellería de Medio Rural informa da posta en marcha de medidas orientadas fundamentalmente a evitar o contacto directo ou indirecto das aves domésticas con aves silvestres de calquera outra especie.

1.- Prohíbese a cría de parrulos, ocas e gansos xunto con outras especies de aves de curral.

2.- Prohíbese darlles ás aves de curral auga procedente de depósitos superficiais, fontes ou outras orixes ás que puideran ter acceso as aves silvestres (excepto se lles foi aplicado tratamento de hixienización que inactivase o virus da IAAP).

3.- Os depósitos de auga de subministro para aves domésticas, que puidera haber no exterior deberán ser protexidos das aves silvestres.

4.- Prohíbese a cría de aves ao aire libre: todos os propietarios de aves deben recluílas en instalacións pechadas a cuberto.

Se isto non fora posible por non dispor destas instalacións, poderíanse manter no exterior sempre que existan teas paxareiras ou outros dispositivos que impidan o accesos de aves silvestres e sempre que se alimente e subministre auga no interior de instalacións ou cubertos que impidan o contacto con aves silvestres.

5.- Prohíbese o uso de reclamas de caza con aves do tipo anátidas (parrulos ou similares) e charadriformes (gavotas e similares).

6.- Prohíbense as concentracións de aves de calquera tipo, comerciais ou non (exhibicións, concursos, ...), tanto de aves de curral coma doutras.

7.- É obrigatoria a inscrición dos currais familiares de autoconsumo no Rexistro Galego de Explotacións Avícolas da Consellería de Medio Rural.

O serotipo H5N1 circulante actualmente do virus IAAP provoca unha elevada mortalidade ente as aves, aínda que non hai evidencias de potencial transmisibilidade ás persoas.

César Poza González (1 para 1)
Alcalde de Vilaboa
Data de Sinatura: 14/01/2022
HASH: ab8d4401aeab3f0aeabdbdfb10d27cb

Vilaboa, 14 de xaneiro de 2022
O ALCALDE,
Documento asinado dixitalmente

